



María Alonso Seisdedos (1961)

Tradutora e correctora a partes iguais e coa mesma paixón. Licenciouse en Filoloxía Hispánica pola Universitat Autònoma de Barcelona (1984) e en Filoloxía Galego-Portuguesa pola Universidade de Santiago de Compostela (1988). En 1986 iniciouse nos misterios da tradución de audiovisuais para dobraxe e subtitulado, labor que durante todos estes anos compaxinou coa corrección ortotipográfica e de estilo para diversas editoriais. O soño de acceder á tradución literaria cumpríuselle en 2009, con *O museo da inocencia (Masumiyet müzesi)*, de Orhan Pamuk, en colaboración con Bartuk Aykan, que foi recoñecida co premio da Asociación de Escritores en Lingua Galega á Mellor Tradución dese ano. Desde aquela enfrontouse a diversas obras de literatura para adultos e de infantil e xuvenil. Pola versión galega de *Ulises* de James Joyce, recibiu, xunto aos seus colegas Eva Almazán, Antón Vialle e Xavier Queipo, os premios á Mellor Tradución de 2013 de Fervenzas Literarias, o Lois Tobío de Tradución da Asociación Galega de Editores, o Irmandade do Libro da Federación de Librarías de Galiza, e o da AELG á Mellor Tradución de 2013, ademais do Premio Nacional á Mellor Tradución 2014 que outorga o Ministerio de Cultura, Educación y Deporte. Durante os cursos 2016-2017 e 2017-2018 impartiu clases como profesora invitada de prácticas de Tradución Audiovisual no título propio de Especialista en Dobraxa da Universidade de Vigo. Traduce do alemán, catalán, francés, inglés, italiano e portugués a galego e castelán. E cando sexa grande quere ser bióloga.

<https://mariaalonseseisdedos.wordpress.com/obras-traducidas/>